



O gasto en cultura na Administración local en Galicia

DOI.10.17075/gcalg.2025

1. Introducción

A xestión eficiente e transparente dos recursos públicos é un elemento fundamental e constitutivo da correcta saúde democrática das administracións públicas, o cal require necesariamente a rendición de contas periódica á cidadanía baixo os requirimentos de transparencia e legalidade. Con tal motivo, a avaliación e fiscalización das liquidacións orzamentarias de xeito regular resulta clave para previr as malas praxes no exercicio da función pública, reforzar a confianza popular nas institucións estatais e, en última instancia, garantir que as políticas públicas cumpran fielmente os obxectivos previstos na súa aprobación orzamentaria inicial.



O financiamento e promoción de actividades culturais de diversa natureza constitúe un elemento fundamental dos servizos que as entidades públicas prestan á cidadanía. No presente informe analízanse os datos correspondentes ás liquidacións orzamentarias relativos ao gasto en actividades culturais por parte das catro deputacións provinciais por unha banda, e a totalidade dos municipios galegos pola outra. Co obxectivo expreso de amosarlle á cidadanía o uso efectivo que se fixo dos recursos públicos, examínanse os gastos que declaran as diversas entidades municipais e provinciais nos diferentes conceptos que compoñen o gasto en cultura. De cara a dar conta da heteroxeneidade das entidades públicas sinaladas de acordo coa súa natureza, tamaño e obrigas orzamentarias, os datos preséntanse cun grao de desagregación axeitado para tal efecto. En calquera caso, cómpre aclarar que neste traballo non se fan estimacións sobre a cantidade, calidade e oportunidade das actuacións das entidades estudadas. O traballo é froito da colaboración do Consello da Cultura Galega e o Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA) da Universidade de Santiago de Compostela¹.

1.1 Metodoloxía

No presente informe preséntanse os datos de gasto público en cultura por parte da totalidade dos municipios galegos, e das catro deputacións provinciais correspondentes aos exercicios de 2015, 2019 e 2022. A escolla dos períodos responde ao feito de que a última modificación na Clasificación Funcional do Gasto Municipal data de 2014, polo que 2015 é o primeiro ano no cal se aplica a nova normativa e comeza a serie actual. Con tal motivo, adoptouse o ano 2015 como o primeiro exercicio analizado, co obxectivo de garantir a homoxeneidade nas series aquí presentadas. Á súa vez, 2019 foi escollido como ano de referencia por ser o último ano previo á pandemia da COVID-19, mentres que 2022 é o último ano para o cal se dispuña

¹ Concretamente, colaboraron no deseño, análise e redacción do presente informe Melchor Fernández Fernández, catedrático de universidade e Pedro María Rey Araujo, investigador contratado posdoutoral.

.....

de información completa sobre as liquidacións das diferentes partidas de gasto en cultura no momento de elaboración deste informe.

A análise da liquidación do gasto en cultura da Administración local baséase nos datos proporcionados polo Ministerio de Facenda a través da Secretaría Xeral de Financiación Autonómica e Local. A principal fonte de información provén das liquidacións do orzamento das entidades locais, elaboradas a partir da información remitida por estas ao ministerio. O sistema de recollida e tratamento dos datos está regulado pola lexislación vixente en materia de estabilidade orzamentaria e financiamento local e fundaméntase na estrutura orzamentaria establecida pola normativa estatal, concretamente pola Orde HAP/419/2014. A clasificación funcional do gasto permite identificar os recursos destinados a cada área de actuación, mentres que a clasificación económica diferencia os distintos tipos de operacións que conforman o orzamento. O sector público local inclúe municipios, provincias, comarcas, áreas metropolitanas, mancomunidades e outras entidades de ámbito inferior ao municipio, así como os seus organismos autónomos e sociedades mercantís dependentes. As corporacións locais están obrigadas a remitir a súa información orzamentaria mediante a Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais, garantindo así unha captura sistemática e homoxénea dos datos. Estes publícanse en dúas fases: primeiro como avance con estimacións baseadas en factores de elevación para compensar posibles carencias de información e, posteriormente, como datos definitivos unha vez que se alcanza unha cobertura suficiente. O proceso de tratamento da información inclúe tarefas de depuración para corrixir inconsistencias contables, imputación de datos nos casos en que certas entidades pequenas non faciliten a desagregación completa, consolidación para eliminar transferencias internas entre entes dependentes e elevación ao total nacional mediante métodos estatísticos que aseguran a representatividade dos datos.

Os contidos utilizados para a elaboración deste informe extraéronse directamente da base de datos que publica o Ministerio de Facenda, na cal se recolle a información orzamentaria relativa ás entidades locais co grao máximo de detalle, o que permite o acceso tanto aos datos individualizados da Administración xeral de cada entidade, como á súa versión consolidada na que se incorporan os organismos dependentes. A estrutura desta base de datos segue a clasificación económica e funcional establecida pola

normativa orzamentaria vixente en cada exercicio e inclúe variables sobre previsións iniciais, créditos definitivos, dereitos recoñecidos, recadacións e pagamentos. A metodoloxía de consolidación empregada nesta base permite eliminar duplicidades causadas por transferencias internas entre administracións dependentes e facilita a obtención de cifras agregadas no ámbitos municipal, provincial e autonómico.

A análise da liquidación do gasto en cultura na Administración local baséase na política de gasto “33: Cultura”, que abrangue todos os derivados dos servizos culturais, incluídos aqueles de carácter recreativo, e se estrutura en diferentes programas que permiten identificar a finalidade específica de cada gasto. Comprende os custos de creación, conservación e funcionamento de infraestruturas culturais como bibliotecas, museos, arquivos, casas da cultura, salas de exposicións, palacios de congresos e outras instalacións destinadas a actividades culturais e de lecer como fogares do xubilado, casas da mocidade ou parques zoolóxicos. Tamén inclúe os gastos asociados a festas locais, espectáculos públicos, agrupacións musicais, actividades recreativas e accións de conservación e promoción do patrimonio histórico-artístico. Ademais, recolle as transferencias a entidades ou familias que colaboren no fomento destas actividades culturais.

A estrutura orzamentaria dentro desta política de gasto organízase en 7 grupos de programas que permiten diferenciar entre os gastos xerais de administración e aqueles destinados a servizos culturais e de lecer específicos:

- **330. Administración xeral de cultura:** Planificación, coordinación, control e xestión administrativa dos servizos culturais.
- **332. Bibliotecas e arquivos:** Mantemento e funcionamento de bibliotecas públicas e arquivos. Subdivídese en:
 - *3321. Bibliotecas públicas.*
 - *3322. Arquivos.*
- **333. Equipamentos culturais e museos:** Gastos relacionados coa xestión e mantemento de museos e infraestruturas culturais.
- **334. Promoción cultural:** Accións de fomento e dinamización cultural, programación de actividades culturais.
- **336. Protección e xestión do patrimonio histórico-artístico:** Conservación, restauración e posta en valor do patrimonio cultural.



- **337. Instalacións de ocupación do tempo libre:** Infraestruturas e actividades relacionadas co ocio e lecer.
- **338. Festas populares e festexos:** Organización de festividades e eventos de carácter tradicional ou recreativo.

Co obxectivo de garantir a continuidade nas series, os datos de Cerdedo-Cotobade correspondentes ao ano 2015 proceden da suma dos correspondentes a Cerdedo e a Cotobade respectivamente, previos á súa fusión no ano 2016.

Nos casos nos cales a información correspondente aos anos indicados non figuraba nos datos primarios, procedeuse da seguinte forma: naqueles casos nos que si se dispoñía do dato indicado correspondente ao exercicio inmediatamente anterior, (p. ex., o correspondente a 2018, cando o de 2019 non figuraba), empregouse este en substitución do dato ausente no ano indicado. Cando tampouco figuraba o dato correspondente ao exercicio anterior, empregouse o do ano seguinte (no caso anterior, 2020). Por último, cando non existía información relativa nin ao ano anterior nin ao posterior, o dato figura como ausente.

1.2 Variables auxiliares

Aquelas variables relativas tanto ao volume como á densidade de poboación de cada entidade territorial proceden do Instituto Galego de Estatística.

a) Poboación

Variables per cápita. Para obter os datos per cápita empregouse a información poboacional relativa ao ano correspondente. Establecéronse categorías en función do tamaño da poboación dos municipios, co obxectivo de poder establecer comparacións entre concellos con características estruturais similares. De cara a garantir a homoxeneidade dos grupos resultantes ao longo do período analizado, a asignación dos diferentes municipios a cada categoría fíxose de acordo cos datos correspondentes ao ano 2015.

A clasificación resultante foi motivada polas diferentes obrigas de gasto que teñen os concellos en función do seu volume poboacional. Os

.....

concellos de máis de 5.000 habitantes teñen a obriga de ter unha biblioteca municipal, mentres que os superiores aos 20.000 habitantes deben dispoñer de instalacións deportivas de uso público.

Os catro grupos resultantes son:

- *Concellos do grupo A:* Poboación de 50.000 habitantes ou máis (7 municipios).
- *Concellos do grupo B:* Poboación entre 20.000 e 49.999 habitantes (15 municipios).
- *Concellos do grupo C.:* Poboación entre 5.000 e 19.999 habitantes (93 municipios).
- *Concellos do grupo D:* Poboación inferior aos 5.000 habitantes (198 municipios).

b) Densidade poboacional

Os *concellos do grupo C* e *D* foron distribuídos en tres subcategorías en función da densidade poboacional de cada municipio. De novo, de cara a garantir a homoxeneidade dos grupos resultantes, a adscrición dos diferentes municipios a cada categoría tivo como referencia os datos correspondentes ao ano 2015. As categorías empregadas foron as seguintes.

Concellos do grupo C:

- Densidade alta: superior a 250 hab/km² (25 municipios).
- Densidade media: entre 100 hab/km² e 250 hab/km² (29 municipios).
- Densidade baixa: inferior a 100 hab/km² (39 municipios).

Concellos do grupo D:

- Densidade alta: superior a 40 hab/km² (43 municipios).
- Densidade media: entre 20 hab/m² e 40 hab/km² (73 municipios).
- Densidade baixa: inferior a 20 hab/km² (82 municipios).

.....

1.3. Presentación dos resultados

Para cada partida de gasto preséntanse os datos correspondentes a cada ano nas deputacións e en cada unha das 8 subcategorías nas cales foron estratificados os municipios.

Co obxectivo de poder comparar os datos, as cantidades procedentes das liquidacións orzamentarias de cada categoría exprésanse en:

- a) *Termos per cápita*, empregando como referencia o volume de poboación correspondente a cada ano.
- b) *Termos de esforzo orzamentario*. No caso do gasto en cultura agregado (33), os datos exprésanse como porcentaxe do total orzamentado no exercicio indicado por cada entidade. No caso de cada unha das 7 subcategorías funcionais do gasto cultural, exprésanse en porcentaxe do gasto en cultura agregado (33).

Incidencias nas táboas de gasto relativo dos concellos

Estas táboas foron construídas para expresar a porcentaxe de cada partida sobre o total do gasto cultural. Como foi indicado anteriormente, naqueles casos nos que había un dato ausente, substituíuse polo dato correspondente ao ano inmediatamente anterior ou, á falta deste, o posterior. En consecuencia, non todas as ratios puideron ser obtidas con datos correspondentes ao mesmo exercicio. Por este motivo, nalgúns casos as porcentaxes resultantes eran superiores ao 100%. Co obxectivo de manter a homoxeneidade, naqueles casos nos cales a ratio resultante excedese o 100%, o valor final que figura nas táboas substituíuse por 100. Así mesmo, elimináronse aqueles casos nos que a ratio dunha partida resultase un 100%, froito de calcular un importe de 2021 polo gasto total de 2022.

No caso dos concellos dos grupos A e B, figura a totalidade dos concellos que integran cada categoría, salvo as variables que constaban con dato ausente ou “0”. No caso dos concellos dos grupos C e D aparecen soamente os 10 municipios cun valor máis alto en cada categoría respectiva, excepto para os casos das desagregacións eliminadas segundo os criterios anteriores.

2. Gasto en cultura nas deputacións provinciais

As deputacións provinciais son actores relevantes na concepción e execución do gasto cultural en Galicia. No que segue, preséntanse os resultados obtidos da análise das liquidacións orzamentarias realizadas por estas entidades. Co obxectivo de homoxeneizar a información e así permitir a comparación entre entidades de diferente tamaño, as cantidades liquidadas en cada unha das partidas indicadas son sempre expresadas en termos relativos. En primeiro lugar, en relación coa poboación en termos de gasto per cápita e, en segundo lugar, exprésanse como porcentaxe do gasto liquidado.

2. 1. Gasto agregado en cultura (33)

As deputacións de Lugo e Ourense liquidaron un montante de gasto en cultura que se sitúa entre os 15 € e 20 € per cápita. Este desembolso foi maior que o das deputacións da Coruña e Pontevedra, cuxos niveis se colocan arredor dos 12 € no mesmo período.

A Deputación de Lugo, que partía do gasto por habitante maior, amósase relativamente estable entre os anos 2015 e 2022. Nas tres deputacións restantes asistíuse a un aumento máis ou menos gradual ao longo do período considerado: as deputacións de Pontevedra e A Coruña incrementan en máis de 3 € o seu gasto por habitante en actividades culturais e a de Ourense fíxoo en máis de 5 €.

Gasto en cultura per cápita das deputacións provinciais

| Deputación | 2015 | 2019 | 2022 |
|------------|---------|---------|---------|
| A Coruña | 9,40 € | 12,79 € | 12,86 € |
| Lugo | 19,29 € | 16,35 € | 18,66 € |
| Ourense | 14,02 € | 20,37 € | 19,84 € |
| Pontevedra | 10,98 € | 10,75 € | 14,25 € |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da ministración local

Porén, no esforzo orzamentario que supuxo o desembolso en actividades culturais, as diferenzas que se sinalaban con anterioridade entre as provincias de Lugo e Ourense, por unha banda, e Pontevedra e A Coruña por outra, atenúanse e chegan mesmo a desaparecer. Os valores observados

atópanse estabilizados entre o 5,5% e o 6,5% do gasto total para o período, coas excepcións parciais da Coruña (7,5%) e Ourense (8,2%) no ano 2019 e Pontevedra (7,9%) no ano 2022.

Porcentaxe de gasto en cultura das deputacións provinciais

| Deputación | 2015 | 2019 | 2022 |
|------------|------|------|------|
| A Coruña | 6,4 | 7,5 | 6,3 |
| Lugo | 6,4 | 6,0 | 6,3 |
| Ourense | 5,8 | 8,2 | 6,6 |
| Pontevedra | 6,0 | 5,9 | 7,9 |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

Se se ten en conta a información contida nas táboas anteriores, pódese afirmar que as diferenzas sinaladas non son o resultado das diferentes prioridades no gasto entre elas, senón que se deben ao feito de que Lugo e Ourense dispoñen dun orzamento por habitante nomeadamente maior. Ao teren estas provincias un menor nivel de actividade económica agregada, o maior gasto por habitante permite así corrixir as diferenzas existentes nos niveis de renda entre elas.

2.2. Gasto en administración xeral de cultura (330)

Na partida correspondente ao gasto en administración xeral de cultura (330), as diferenzas rexistradas por cada unha das catro deputacións son moito maiores. É preciso destacar que a Deputación de Ourense non declarou ningún volume de gasto en ningún dos tres períodos considerados. As tres restantes si o fixeron, aínda que con considerables diferenzas entre elas.

A Deputación da Coruña, malia amosar unha traxectoria ascendente, tivo uns volumes de gasto nesta partida inferiores a 1 € per cápita, ao igual que a de Pontevedra, coa excepción do exercicio do ano 2015, cando a cantidade ascendeu a case 2 €. No outro extremo sitúase a Deputación de Lugo, que amosou niveis crecentes de gasto ao longo do período, sempre por riba do 1,5 € per cápita.



Gasto per cápita en administración xeral de cultura das deputacións provinciais

| Deputación | 2015 | 2019 | 2022 |
|------------|--------|--------|--------|
| A Coruña | 0,29 € | 0,44 € | 0,52 € |
| Lugo | 1,56 € | 1,73 € | 2,33 € |
| Ourense | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 € |
| Pontevedra | 1,88 € | 0,41 € | 0,45 € |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

Ao considerar o esforzo orzamentario, mantense a natureza das diferenzas. Mentres que a da Coruña amosou niveis de entre o 3% e o 4%, a de Lugo practicamente triplicou ese gasto. A de Pontevedra, á súa vez, aínda que sostivo niveis de investimento nos exercicios de 2019 e 2022 próximos aos executados pola da Coruña, no ano 2015 o volume foi o máis elevado de todos os casos considerados.

Porcentaxe de gasto en administración da cultura sobre o total liquidado polas deputacións provinciais

| Deputación | 2015 | 2019 | 2022 |
|------------|------|------|------|
| A Coruña | 3,1 | 3,5 | 4,1 |
| Lugo | 8,1 | 10,6 | 12,5 |
| Ourense | 0,0 | 0,0 | 0,0 |
| Pontevedra | 17,1 | 3,8 | 3,1 |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

2.3. Gasto en bibliotecas e arquivos (332)

O gasto relativo ao mantemento e coidado da rede pública de bibliotecas mostra niveis de variabilidade similares aos indicados na partida anterior. Neste caso, é a Deputación de Lugo a que non declarou gasto. En termos de gasto por habitante, a Deputación de Ourense situouse entre 0,4 € e 0,5 € e a da Coruña creceu moderadamente. A Deputación de Pontevedra multiplicou o seu gasto por un factor de 6,7 entre os anos 2015 e 2022.



Gasto per cápita en bibliotecas e arquivos sobre o total liquidado en cultura polas deputacións provinciais

| Deputación | 2015 | 2019 | 2022 |
|------------|--------|--------|--------|
| A Coruña | 0,89 € | 1,39 € | 1,28 € |
| Lugo | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 € |
| Ourense | 0,39 € | 0,44 € | 0,46 € |
| Pontevedra | 0,33 € | 1,38 € | 2,23 € |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

Ao analizar a porcentaxe do gasto en cultura nesta partida con respecto do total, os resultados obtidos son similares na súa dimensión cualitativa, aínda que cuantitativamente diferentes. As deputacións de Ourense e A Coruña seguen a amosar unha clara estabilidade, aínda que a ratio entre elas se viu incrementada. Se o gasto por habitante da Deputación da Coruña era 2-3 veces maior que o correspondente á de Ourense, ao observar estas cantidades como porcentaxes do gasto total en cultura, o esforzo levado a cabo pola primeira é 4-5 veces maior que o da segunda.

A Deputación de Pontevedra destaca nos anos 2019 e 2022, xa que supera o 12% e o 15% do total respectivamente. Expresado desta forma, o seu investimento en bibliotecas e arquivos incrementouse por un factor igual a 5 entre os anos 2015 e 2022.

Porcentaxe de gasto en bibliotecas e arquivos sobre o total liquidado en cultura polas deputacións provinciais

| Deputación | 2015 | 2019 | 2022 |
|------------|------|------|------|
| A Coruña | 9,4 | 10,9 | 10,0 |
| Lugo | 0,0 | 0,0 | 0,0 |
| Ourense | 2,8 | 2,2 | 2,3 |
| Pontevedra | 3,0 | 12,9 | 15,7 |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

2.4. Gasto en equipamentos culturais e museos (333)

Nesta partida orzamentaria chama a atención a diverxencia no gasto liquidado pola Deputación de Lugo, con niveis comprendidos entre os 7 € e 9 € per cápita, e aqueles correspondentes á Deputación de Ourense que non

declarou ningún gasto. As deputacións de Pontevedra e A Coruña amosaron cantidades por habitante moderadamente crecentes, aínda que situados en niveis diferentes.

Gasto per cápita en equipamentos culturais e museos sobre o total liquidado en cultura polas deputacións provinciais

| Deputación | 2015 | 2019 | 2022 |
|------------|--------|--------|--------|
| A Coruña | 0,92 € | 1,61 € | 1,87 € |
| Lugo | 7,70 € | 8,33 € | 8,70 € |
| Ourense | 0,01 € | 0,00 € | 0,00 € |
| Pontevedra | 4,36 € | 4,21 € | 5,66 € |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

O investimento en museos e actividades relacionadas constitúe a principal partida de gasto para as deputacións de Lugo e Pontevedra no período considerado. A Deputación de Pontevedra dedicou o 39% do seu gasto total en actividades culturais a esta partida nos tres exercicios. No caso da de Lugo, as cantidades relativas son aínda maiores: empregou máis do 40% do seu gasto total en cultura nesta partida, e mesmo supera o 50% do total no exercicio de 2019.

A Deputación da Coruña dedicou cantidades significativamente menores ás correspondentes, aínda que cunha evolución crecente: de case o 10% do gasto total en cultura no ano 2015 a preto do 15% no ano 2022.

Porcentaxe de gasto en equipamentos culturais e museos sobre o total liquidado en cultura polas deputacións provinciais

| Deputación | 2015 | 2019 | 2022 |
|------------|------|------|------|
| A Coruña | 9,8 | 12,6 | 14,5 |
| Lugo | 39,9 | 50,9 | 46,6 |
| Ourense | 0,1 | 0,0 | 0,0 |
| Pontevedra | 39,7 | 39,1 | 39,7 |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

2.5. Gasto en promoción cultural (334)

A única partida orzamentaria que amosou un volume comparable á de museos e equipamentos é a correspondente ao gasto en promoción cultural.

En termos per cápita, tanto a Deputación de Lugo como a da Coruña rexistraron niveis estables e similares de entre 6 € e 8 € nos tres anos estudados. A Deputación de Pontevedra amosou niveis igualmente estables, aínda que dunha cantidade sensiblemente menor: entre 3 € e 4 € per cápita.

O máis rechamante, porén, é o nivel de gasto acometido pola Deputación de Ourense, que se sitúa sempre por riba dos 13 € per cápita nos tres anos e chega a preto dos 20 € nos exercicios correspondentes a 2019 e 2022.

Gasto per cápita en promoción cultural sobre o total liquidado en cultura polas deputacións provinciais

| Deputación | 2015 | 2019 | 2022 |
|------------|---------|---------|---------|
| A Coruña | 6,68 € | 8,58 € | 8,47 € |
| Lugo | 7,82 € | 5,86 € | 7,33 € |
| Ourense | 13,16 € | 19,12 € | 18,61 € |
| Pontevedra | 3,37 € | 3,12 € | 4,14 € |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

Todas as deputacións asignan unha cantidade moi significativa do seu gasto total en actividades ligadas á promoción cultural que supera o 25%. Porén, as diferenzas entre elas son relevantes: mentres que a Deputación de Pontevedra sitúa nos tres exercicios o seu nivel de gasto en torno ao 30%, no caso da de Lugo esta proporción ascende a preto do 40% do total, en tanto que na Deputación da Coruña o esforzo orzamentario é aínda máis destacado. Porén, non chega a estar preto sequera dos niveis acadados pola Deputación de Ourense: en cada un dos tres exercicios o 93% do gasto total en cultura atribuíuselle á promoción cultural.

Porcentaxe de gasto en promoción cultural sobre o total liquidado en cultura polas deputacións provinciais

| Deputación | 2015 | 2019 | 2022 |
|------------|------|------|------|
| A Coruña | 71,1 | 67,1 | 65,8 |
| Lugo | 40,6 | 35,8 | 39,2 |
| Ourense | 93,9 | 93,8 | 93,8 |
| Pontevedra | 30,7 | 29,0 | 29,0 |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

2.6. Gasto en protección e xestión do patrimonio (336)

Nesta partida os niveis de gasto per cápita sitúanse por debaixo dos 2 €. A Deputación de Lugo amosou a evolución máis errática. As tres restantes mostraron niveis de gasto estables: a da Coruña dedicou algo máis de 0,5 € per cápita en cada un dos exercicios, a de Ourense situouse nese nivel nos anos 2019 e 2022, tras practicamente dobrar as cantidades correspondentes ao 2015, e a de Pontevedra estabilizou o seu gasto nesta partida por riba de 1 € por habitante nos dous últimos exercicios considerados.

Gasto per cápita en protección e xestión do patrimonio sobre o total liquidado en cultura polas deputacións provinciais

| Deputación | 2015 | 2019 | 2022 |
|------------|--------|--------|--------|
| A Coruña | 0,59 € | 0,71 € | 0,72 € |
| Lugo | 1,93 € | 0,00 € | 0,07 € |
| Ourense | 0,25 € | 0,65 € | 0,61 € |
| Pontevedra | 0,73 € | 1,22 € | 1,25 € |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

En termos relativos, a excepcionalidade que se sinalaba anteriormente no gasto da Deputación de Lugo, atenuase e sitúase no ano 2015 arredor do 10% do total, o que significa que é un esforzo equiparable ao realizado pola de Pontevedra en termos medios ao longo do período. Á súa vez, a Deputación da Coruña dedicou de forma consistente ao redor do 6% do seu gasto total en cultura a esta partida, aproximadamente o dobre do desembolsado no mesmo concepto pola de Ourense.

Porcentaxe de gasto en protección e xestión do patrimonio sobre o total liquidado en cultura polas deputacións provinciais

| Deputación | 2015 | 2019 | 2022 |
|------------|------|------|------|
| A Coruña | 6,3 | 5,6 | 5,6 |
| Lugo | 10,0 | 0,0 | 0,4 |
| Ourense | 1,8 | 3,2 | 3,1 |
| Pontevedra | 6,6 | 11,3 | 8,7 |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

2.7. Gasto en instalacións de tempo libre (337)

Esta partida mostra un elevado grao de variabilidade e uns valores en termos absolutos moi limitados. En primeiro lugar, a Deputación de Lugo non declarou ningún gasto, mentres que a da Coruña non desembolsou máis de 0,05 € per cápita no período analizado. En segundo lugar, aínda que se manteñen en cantidades relativamente baixas, as deputacións de Ourense e Pontevedra levaron a cabo un nivel de gasto significativamente maior: a primeira liquidou cantidades próximas aos 0,15 € per cápita en cada exercicio, mentres que a segunda, cunha dinámica ascendente, superou os 0,5 € no correspondente a 2022.

Gasto per cápita en instalación de tempo libre sobre o total liquidado en cultura polas deputacións provinciais

| Deputación | 2015 | 2019 | 2022 |
|------------|--------|--------|--------|
| A Coruña | 0,03 € | 0,05 € | 0,00 € |
| Lugo | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 € |
| Ourense | 0,21 € | 0,13 € | 0,13 € |
| Pontevedra | 0,31 € | 0,42 € | 0,53 € |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

Ao expresar as cantidades como porcentaxes, a Deputación da Coruña non chega a dedicar o 0,7% do seu gasto a esta partida, a de Ourense entre o 0,5% e o 1,5% e a de Pontevedra entre o 3% e o 4%.

Porcentaxe de gasto en instalacións de tempo libre sobre o total liquidado en cultura polas deputacións provinciais

| Deputación | 2015 | 2019 | 2022 |
|------------|------|------|------|
| A Coruña | 0,3 | 0,4 | 0,0 |
| Lugo | 0,0 | 0,0 | 0,0 |
| Ourense | 1,5 | 0,7 | 0,7 |
| Pontevedra | 2,8 | 3,9 | 3,7 |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

2.8. Gasto en festas populares e festexos (338)

A partida correspondente aos gastos en festas populares e demais festividades de diversa índole amosa tamén valores relativamente moderados

para todas as entidades consideradas ao comparalos cos analizados con anterioridade.

A Deputación de Pontevedra non declara ningún gasto nesta partida en ningún dos exercicios e a da Coruña nin en 2019, nin en 2022. A Deputación de Ourense non superou os 0,05 €. A de Lugo, pola súa banda, malia liquidar cantidades baixas, situou o seu gasto por habitante entre 0,25 € e 0,5 € neste período.

Gasto per cápita en festas populares e festexos sobre o total liquidado en cultura polas deputacións provinciais

| Deputación | 2015 | 2019 | 2022 |
|------------|--------|--------|--------|
| A Coruña | 0,01 € | 0,00 € | 0,00 € |
| Lugo | 0,24 € | 0,44 € | 0,25 € |
| Ourense | 0,00 € | 0,04 € | 0,03 € |
| Pontevedra | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 € |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

En porcentaxe, vólvese poñer de manifesto o carácter nomeadamente exiguos dos gastos liquidados neste concepto sobre o total en cultura. Soamente supera o 0,5% do total a Deputación de Lugo, que acadou un máximo do 2,7% do gasto total en cultura nesta partida orzamentaria.

Porcentaxe de gasto en festas populares e festexos sobre o total liquidado en cultura polas deputacións provinciais

| Deputación | 2015 | 2019 | 2022 |
|------------|------|------|------|
| A Coruña | 0,1 | 0,0 | 0,0 |
| Lugo | 1,3 | 2,7 | 1,3 |
| Ourense | 0,1 | 0,2 | 0,2 |
| Pontevedra | 0,0 | 0,0 | 0,0 |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

3. Gasto en cultura dos concellos

A seguinte análise ofrece unha panorámica detallada do gasto cultural dos concellos galegos, atendendo no primeiro subpartado ao investimento por habitante e á proporción do orzamento municipal destinada a cultura

e, no segundo, á distribución do gasto nos distintos conceptos. A información preséntase segmentada segundo a tipoloxía de concello, o que permite identificar dinámicas diferenciadas e destacar casos singulares de incremento, estancamento ou retroceso.

3.1 Gasto en cultura per cápita e porcentaxe do total

Descríbese aquí o gasto en cultura dos concellos en termos per cápita e como porcentaxe do orzamento total para facilitar a comparación.

3.1.1. Concellos do grupo A (50.000 habitantes ou máis)

O concello desta categoría que máis investiu en cultura por habitante nos tres anos analizados foi Santiago de Compostela. Ademais, as cantidades incrementáronse ao longo do período nun 45%, ata chegar a 141,23 €. O segundo concello é A Coruña, o cal tamén experimenta un incremento dun 37,3%, cun gasto de 121,50 € en 2022. En terceiro lugar atópase Pontevedra, con 69,35 € do gasto per cápita no ano 2022. Esta cifra é algo inferior á do gasto en cultura de 2019, pero supera nun 13,9% á correspondente a 2015. Ferrol, Lugo e Vigo tamén amosan incrementos neste concepto ao longo do período considerado. O único no que se observa un descenso é o de Ourense, que nas últimas anualidades ademais rexistrou o menor desembolso por habitante.

Gasto en cultura per cápita nos concellos do grupo A

| Concello | 2015 | 2019 | 2022 |
|------------------------|---------|----------|----------|
| A Coruña | 88,52 € | 106,55 € | 121,50 € |
| Ferrol | 45,60 € | 50,93 € | 64,75 € |
| Lugo | 35,00 € | 48,61 € | 62,10 € |
| Ourense | 36,35 € | 29,21 € | 29,43 € |
| Pontevedra | 60,91 € | 77,04 € | 69,35 € |
| Santiago de Compostela | 97,41 € | 120,64 € | 141,23 € |
| Vigo | 35,06 € | 44,14 € | 48,60 € |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

En canto á porcentaxe de gasto en cultura sobre o total liquidado, Santiago de Compostela mantense igualmente á cabeza das sete grandes cidades

galegas. O seu investimento supera o 10% nos tres anos analizados e incrementábase ata un 11,9% en 2022. En segundo lugar mantense A Coruña, que experimenta unha evolución positiva no gasto en cultura e aumenta en dous puntos porcentuais a proporción de investimento de 2015. Outro aspecto salientable é que en todos os concellos desta categoría o gasto en cultura mantense en 2022 por riba do 5%, agás en Ourense, que acada o 2,7%.

Porcentaxe de gasto en cultura sobre o total do gasto liquidado nos concellos do grupo A

| Concello | 2015 | 2019 | 2022 |
|------------------------|------|------|------|
| A Coruña | 9,0 | 11,3 | 11,1 |
| Ferrol | 5,5 | 7,0 | 6,0 |
| Lugo | 4,1 | 6,1 | 5,6 |
| Ourense | 3,6 | 3,5 | 2,7 |
| Pontevedra | 7,4 | 8,4 | 7,3 |
| Santiago de Compostela | 10,2 | 10,6 | 11,9 |
| Vigo | 4,4 | 5,3 | 5,2 |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

3.1.2. Concellos do grupo B (entre 20.000 e 49.999 habitantes)

O gasto per cápita en cultura nos concellos desta categoría presenta unha evolución desigual. En xeral, obsérvase un incremento do gasto en 2019 con respecto a 2015, pero con certas correccións á baixa en 2022.

En 2015 os concellos con maior gasto per cápita foron Narón (58,28 €), A Estrada (54,54 €) e Lalín (54,15 €), situándose todos nun intervalo relativamente estreito. Outros municipios como Cambre (52,18 €), Ribeira (53,48 €) e Redondela (43,11 €) presentaban valores moi próximos.

Gasto en cultura per cápita nos concellos do grupo B (2015)

| Concello | Gasto per cápita |
|-----------|------------------|
| Narón | 58,28 € |
| A Estrada | 54,54 € |
| Lalín | 54,15 € |
| Ribeira | 53,47 € |
| Cambre | 52,18 € |
| Redondela | 43,11 € |
| Ames | 38,23 € |

DOCUMENTOS DE TRABALLO



| | |
|----------------------|---------|
| Ponteareas | 37,62 € |
| Oleiros | 36,67 € |
| Vilagarcía de Arousa | 34,65 € |
| Marín | 34,38 € |
| Arteixo | 33,10 € |
| Cangas | 28,07 € |
| Carballo | 24,42 € |
| Culleredo | 18,01 € |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

En 2019 producíronse cambios destacados. Cambre experimentou un notable incremento ata situarse no primeiro posto, co que se duplica o seu gasto en cultura con respecto a 2015. Narón (83,05 €) mantívose entre os municipios con maior volume de gasto, mentres que e Carballo experimentou un aumento moi importante. Lalín e A Estrada rexistraron aumentos, pero menos pronunciados. Marín (46,83 €), Ames (42,73 €) e Oleiros (41,77 €) mantiveron posicións intermedias con escasa variación.

Gasto en cultura per cápita nos concellos do grupo B (2019)

| Concello | Gasto per cápita |
|----------------------|------------------|
| Cambre | 113,93 € |
| Narón | 83,05 € |
| Carballo | 76,58 € |
| Lalín | 74,14 € |
| A Estrada | 60,13 € |
| Redondela | 59,81 € |
| Ponteareas | 56,70 € |
| Vilagarcía de Arousa | 52,03 € |
| Ribeira | 49,38 € |
| Marín | 46,83 € |
| Ames | 42,73 € |
| Oleiros | 41,77 € |
| Cangas | 32,50 € |
| Arteixo | 31,99 € |
| Culleredo | 25,93 € |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

En 2022 a tendencia volveu cambiar. Narón consolidouse como o concello con maior gasto, alcanzando os 95,06 € per cápita, seguido por Lalín (87,69 €) e A Estrada (66,19 €), que recuperou posicións destacadas. Carballo (64,32 €) mantivo unha evolución estable, mentres que Cambre, que en 2019 fora o municipio con maior gasto, reduciu o seu investimento ata os 59,60 €.

Gasto en cultura per cápita nos concellos do grupo B (2022)

| Concello | Gasto per cápita |
|----------------------|------------------|
| Narón | 95,06 € |
| Lalín | 87,69 € |
| A Estrada | 66,19 € |
| Carballo | 64,32 € |
| Cambre | 59,60 € |
| Vilagarcía de Arousa | 58,22 € |
| Ames | 51,82 € |
| Marín | 51,76 € |
| Ponteareas | 47,95 € |
| Oleiros | 45,57 € |
| Ribeira | 44,87 € |
| Arteixo | 39,36 € |
| Culleredo | 31,82 € |
| Cangas | 26,70 € |
| Redondela | - |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

No ano 2015, os concellos deste grupo con maior porcentaxe de gasto en cultura sobre o total do gasto liquidado foron Cambre (8,5%), Narón (8,4%) e A Estrada (7,9). A continuación situáronse Redondela (6,9%), Ponteareas (6,4%) e Lalín (6,3%). Pola contra, os municipios con menor peso da cultura no seu orzamento foron Culleredo (2,6%), Arteixo (2,8%) e Carballo (3,2%), que destinaron a esta área unha proporción moito menor do seu gasto total.

Porcentaxe de gasto en cultura sobre o total do gasto liquidado nos concellos do grupo B (2015)

| Concello | Porcentaxe |
|------------|------------|
| Cambre | 8,5 |
| Narón | 8,4 |
| A Estrada | 7,9 |
| Redondela | 6,9 |
| Ponteareas | 6,4 |
| Lalín | 6,3 |



| | |
|----------------------|-----|
| Ribeira | 6,2 |
| Marín | 6,0 |
| Ames | 5,7 |
| Oleiros | 5,5 |
| Cangas | 5,0 |
| Vilagarcía de Arousa | 4,9 |
| Carballo | 3,2 |
| Arteixo | 2,8 |
| Culleredo | 2,6 |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

En 2019 Cambre practicamente duplica o gasto liquidado en cultura sobre o total, cun 14,5%, e continúa ocupando o primeiro posto con respecto a 2015. Outros cunha porcentaxe alta de gasto liquidado en cultura foron Narón (9,6%), Redondela (8,8%), Carballo (8,6%) e Lalín (8,5%). Arteixo (3%) e Culleredo (3,7%) manteñen unha taxa baixa de investimento en cultura, aínda que cunha lixeira tendencia á alza.

Porcentaxe de gasto en cultura sobre o total do gasto liquidado nos concellos do grupo B (2019)

| Concello | Porcentaxe |
|----------------------|------------|
| Cambre | 15,5 |
| Narón | 9,6 |
| Redondela | 8,8 |
| Carballo | 8,6 |
| Lalín | 8,5 |
| A Estrada | 6,9 |
| Marín | 6,8 |
| Ponteareas | 6,7 |
| Vilagarcía de Arousa | 6,6 |
| Ames | 5,9 |
| Ribeira | 5,4 |
| Oleiros | 5,3 |
| Cangas | 4,9 |
| Culleredo | 3,7 |
| Arteixo | 3,0 |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

En 2022 Narón pasou a ocupar o primeiro posto cunha porcentaxe de gasto liquidado en cultura do 9,9%, polo que continúa coa tendencia as-

.....

cidente observada neste período. Cambre (8,5%) experimenta un retroceso con respecto a 2019 e descende ao segundo posto, pero mantívose igual que en 2015.

Porcentaxe de gasto en cultura sobre o total do gasto liquidado nos concellos do grupo B (2022)

| Concello | Porcentaxe |
|----------------------|------------|
| Narón | 9,9 |
| Cambre | 8,5 |
| Carballo | 7,3 |
| Marín | 6,7 |
| Vilagarcía de Arousa | 6,5 |
| Lalín | 5,9 |
| A Estrada | 5,9 |
| Ames | 5,4 |
| Ponteareas | 5,2 |
| Oleiros | 4,8 |
| Ribeira | 4,8 |
| Culleredo | 4,3 |
| Cangas | 3,5 |
| Arteixo | 2,6 |
| Redondela | - |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

En liñas xerais, obsérvase un incremento do peso do gasto en cultura no período 2015-2019, seguido dunha lixeira corrección á baixa en 2022. A diferenza entre concellos segue sendo notoria, cun grupo de municipios que manteñen un esforzo orzamentario elevado e outros cunha asignación máis reducida e estable ao longo dos anos.

3.1.3 Concellos do grupo C (entre 5.000 e 19.999 habitantes) de densidade alta

Nos concellos deste grupo cunha densidade de poboación alta atópanse contrastes salientables. En 2015 poden observarse diferenzas destacadas entre os dez concellos desta categoría que rexistran un maior gasto liquidado en cultura por habitante. Así, o que encabeza a listaxe é Noia, cun gasto de 100,47 € per cápita e, en segundo lugar, atópase Baiona, pero xa a certa distancia, con 86,58 €.



**Gasto liquidado en cultura per cápita nos concellos do grupo C de densidade alta
(2015)**

| Concello | Gasto per cápita |
|----------------------|------------------|
| Noia | 100,47 € |
| Baiona | 86,58 € |
| A Pobra do Caramiñal | 78,35 € |
| Mugardos | 76,89 € |
| Betanzos | 68,96 € |
| Sada | 64,18 € |
| Cambados | 60,03 € |
| Vilanova de Arousa | 51,87 € |
| A Guarda | 49,56 € |
| Ares | 47,92 € |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

En 2019 obsérvase un incremento, con catro concellos que superan os 100 € por habitante, en contraste con 2015, cando só había un. Noia segue a encabezar esta listaxe cun gasto de 121,42 €, o que supón un aumento dun 20,8% con respecto a 2015. O segundo é Sanxenxo, cun desembolso de 108,83 €, e o terceiro Vilanova de Arousa, que duplica o gasto de 2015.

**Gasto liquidado en cultura per cápita nos concellos do grupo C de densidade alta
(2019)**

| Concello | Gasto per cápita |
|----------------------|------------------|
| Noia | 121,42 € |
| Sanxenxo | 108,83 € |
| Vilanova de Arousa | 103,99 € |
| Ribadumia | 101,11 € |
| O Porriño | 98,85 € |
| Mugardos | 97,93 € |
| Cambados | 88,38 € |
| A Guarda | 87,32 € |
| Baiona | 83,22 € |
| A Pobra do Caramiñal | 80,71 € |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

En 2022 continua a tendencia, aínda que se observan contrastes importantes. Así, Mugardos pasa a ocupar o primeiro posto da táboa, cun aumento dun 28,2% do gasto liquidado en cultura con respecto a 2019. No outro extremo está Noia que, se ben nos anos precedentes encabezaba a lista, en

2022 baixou ata 78,33 €, o que implica unha redución dun 55% con respecto a 2019.

Gasto liquidado en cultura per cápita nos concellos do grupo C de densidade alta (2022)

| Concello | Gasto per cápita |
|----------------------|------------------|
| Mugardos | 125,52 € |
| O Grove | 125,39 € |
| Ares | 112,71 € |
| Baiona | 106,21 € |
| Betanzos | 99,90 € |
| A Pobra do Caramiñal | 87,34 € |
| Soutomaior | 84,53 € |
| Noia | 78,33 € |
| Pontedeume | 77,60 € |
| Cambados | 73,55 € |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

Na análise de gasto en cultura sobre o total liquidado, en 2015 os dez concellos galegos desta categoría que máis investiron en cultura, fixérono cun volume de gasto de entre un 6,5% e un 12,6%. Os dous que rexistran a maior porcentaxe de gasto liquidado neste ámbito son Baiona (12,6%) e Noia (12,5%). Moi de cerca séguenlles A Pobra do Caramiñal (11,2%) e Betanzos (11,1%).

Porcentaxe de gasto en cultura sobre o total do gasto liquidado nos concellos do grupo C de densidade alta (2015)

| Concello | Porcentaxe |
|----------------------|------------|
| Baiona | 12,6 |
| Noia | 12,5 |
| A Pobra do Caramiñal | 11,2 |
| Betanzos | 11,1 |
| Cambados | 8,5 |
| Sada | 8,4 |
| Mugardos | 7,9 |
| Vilanova de Arousa | 7,8 |
| A Guarda | 7,7 |
| Barbadás | 6,5 |

Porcentaxe do gasto en equipamentos culturais e museos sobre o total de gasto en cultura no grupo B (2022)

| Concello | Porcentaxe |
|------------|------------|
| Lalín | 16,4 |
| Ribeira | 13,5 |
| Carballo | 11,1 |
| Marín | 7,6 |
| Cambre | 7,6 |
| Oleiros | 7,1 |
| Narón | 4,4 |
| Ponteareas | 0,1 |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

Nos concellos do grupo C cunha densidade alta o que máis gastou en equipamentos culturais foi o do Grove (70,3%), seguido a moita distancia de Baiona (21,1%) e A Pobra do Caramiñal (19,8%). A maioría dos concellos desta listaxe gastan menos dun 10% nesta partida.

Porcentaxe do gasto en equipamentos culturais e museos sobre o total de gasto en cultura nos concellos do grupo C de densidade alta (2022)

| Concello | Porcentaxe |
|----------------------|------------|
| O Grove | 70,3 |
| Baiona | 21,1 |
| A Pobra do Caramiñal | 19,8 |
| Vilanova de Arousa | 12,5 |
| Sada | 8,5 |
| Burela | 7,6 |
| Fene | 6,2 |
| A Guarda | 4,4 |
| Poio | 3,7 |
| Moaña | 2,3 |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

Nos concellos do grupo C cunha densidade media, a porcentaxe de gasto dos que máis dedican a equipamentos culturais e museos varía entre o 2,6% do Rosal e Salceda de Caselas e o 26,5% de Meaño. Outros dous superan o 20%: Camariñas (24,2%) e Muros (22,7%).



Porcentaxe do gasto en equipamentos culturais e museos sobre o total de gasto en cultura nos concellos do grupo C de densidade media (2022)

| Concello | Porcentaxe |
|--------------------|------------|
| Meaño | 26,5 |
| Camariñas | 24,2 |
| Muros | 22,7 |
| Valga | 18,5 |
| Rianxo | 14,4 |
| Salvaterra de Miño | 12,1 |
| Tomiño | 5,6 |
| Brión | 2,7 |
| Salceda de Caselas | 2,6 |
| O Rosal | 2,6 |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

Nos concellos do grupo C cunha densidade baixa con maiores porcentaxes de gasto nesta partida orzamentaria, as proporcións oscilan entre o 9,8% de Coristanco e o 45,5% de Ordes. O segundo posto da listaxe ocúpao Outes, cun 40,7% e o terceiro Cerceda (31,2%).

Porcentaxe do gasto en equipamentos culturais e museos sobre o total de gasto en cultura nos concellos do grupo C de densidade baixa (2022)

| Concello | Porcentaxe |
|------------------------|------------|
| Ordes | 45,5 |
| Outes | 40,7 |
| Cerceda | 31,2 |
| Castro de Rei | 19,4 |
| Vimianzo | 18,5 |
| Malpica de Bergantiños | 17,5 |
| Foz | 16,3 |
| Vilalba | 13,6 |
| Celanova | 10,0 |
| Coristanco | 9,8 |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

Entre os concellos do grupo D cunha densidade alta, as porcentaxes de gasto en equipamentos culturais e museos sobre o total do gasto en cultura dos que figuran na lista oscilan entre o 1,3% da Illa de Arousa e o 79,4% de Cortegada. O segundo que máis gasta é As Neves (52,6%) e o terceiro Barro (21,9%). A maioría de concellos desta categoría invisten menos dun 10% nesta partida.

Porcentaxe do gasto en equipamentos culturais e museos (333) sobre o total de gasto en cultura nos concellos do grupo D de densidade alta (2022)

| Concello | Porcentaxe |
|------------------|------------|
| Cortegada | 79,4 |
| As Neves | 52,6 |
| Barro | 21,9 |
| Portas | 17,6 |
| Amoeiro | 5,0 |
| Laxe | 4,8 |
| Cenlle | 3,6 |
| Rábade | 2,5 |
| Taboadela | 1,6 |
| A Illa de Arousa | 1,3 |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

No caso dos concellos do grupo D cunha densidade media, a porcentaxe de gasto nos que máis esforzo realizaron neste concepto oscila entre o 20,7% de Oia e o 64,7% de Riotorto. O dato salientable é que todos os municipios desta listaxe superan o 20%.

Porcentaxe do gasto en equipamentos culturais e museos sobre o total de gasto en cultura nos concellos do grupo D de densidade baixa (2022)

| Concello | Porcentaxe |
|------------------|------------|
| Riotorto | 64,7 |
| Curtis | 57,2 |
| Alfoz | 49,0 |
| Mesía | 46,2 |
| Monterroso | 44,0 |
| Moeche | 35,7 |
| Forcarei | 23,1 |
| Castrelo de Miño | 23,0 |
| Oia | 20,7 |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

Por último, nos concellos do grupo D cunha densidade de poboación baixa, o gasto imputado a equipamentos culturais sobre o total de cultura oscila entre o 7,7% de Trabada e o 100% de Cervantes. Outros municipios cun investimento importante nestes servizos son os do Páramo (46,3%), Covelo (39,2%) e As Somozas (35,5%).



Porcentaxe do gasto en equipamentos culturais e museos sobre o total de gasto en cultura nos concellos do grupo D de densidade baixa (2022)

| Concello | Porcentaxe |
|-------------------|------------|
| Cervantes | 100,0 |
| O Páramo | 46,3 |
| Covelo | 39,2 |
| As Somozas | 35,5 |
| Beariz | 21,0 |
| Pantón | 19,0 |
| Vilariño de Conso | 12,7 |
| Xermade | 10,7 |
| Parada de Sil | 8,6 |
| Trabada | 7,7 |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

3.2.4 Promoción cultural (334)

O gasto en promoción cultural sobre o total en cultura marca grandes contrastes entre as sete cidades galegas, xa que oscila entre o 11,7% de Lugo e o 65,1% de Santiago de Compostela. Case 20 puntos porcentuais por debaixo atópase Ourense, con arredor da metade do gasto destinado a cultura nesta partida orzamentaria (48,5%). Outros dous concellos invisten algo máis dun terzo da asignación de cultura en promoción: Pontevedra (35,3%) e A Coruña (32,6%). Nos últimos postos da táboa figuran Vigo (13,9%) e Lugo (11,7%).

Porcentaxe do gasto en promoción cultural sobre o total de gasto en cultura nos concellos do grupo A (2022)

| Concello | Porcentaxe |
|------------------------|------------|
| Santiago de Compostela | 65,1 |
| Ourense | 48,5 |
| Pontevedra | 35,3 |
| A Coruña | 32,6 |
| Ferrol | 22,6 |
| Vigo | 13,9 |
| Lugo | 11,7 |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

Nos concellos do grupo B as porcentaxes oscilan entre o 4,2% de Pontearreas e o 82,4% de Narón. O segundo concello é o de Ames (80,5%). Por riba do 50% tamén se atopan Culleredo (63,8%), Ribeira (52,7%) e Vilagarcía de Arousa (50,1%).

Porcentaxe do gasto en promoción cultural sobre o total de gasto en cultura nos concellos do grupo B (2022)

| Concello | Porcentaxe |
|----------------------|------------|
| Narón | 82,4 |
| Ames | 80,5 |
| Culleredo | 63,8 |
| Ribeira | 52,7 |
| Vilagarcía de Arousa | 50,1 |
| Carballo | 40,8 |
| Cambre | 30,5 |
| Oleiros | 27,8 |
| Lalín | 25,5 |
| Cangas | 24,6 |
| Arteixo | 16,8 |
| Marín | 14,9 |
| A Estrada | 6,1 |
| Ponteareas | 4,2 |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

Os concellos do grupo C cunha densidade alta oscila entre o 32,7% de Moaña ao 84,8% de Ares. Os que figuran cunha proporción máis baixa nesta lista dos que máis recursos dedicaron a esta partida gastaron máis dun terzo do total en promoción da cultura.

Porcentaxe do gasto en promoción cultural sobre o total de gasto en cultura nos concellos do grupo C de densidade alta (2022)

| Concello | Porcentaxe |
|--------------|------------|
| Ares | 84,8 |
| Soutomaior | 59,6 |
| Pontedeume | 57,1 |
| Fene | 55,3 |
| O Carballiño | 52,6 |
| O Porriño | 44,0 |
| Noia | 43,7 |
| Baiona | 35,4 |
| A Guarda | 34,5 |
| Moaña | 32,7 |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

Nos concellos do grupo C cunha densidade media, a porcentaxe de gasto en promoción cultural sobre o total liquidado en cultura dos dez que máis

recursos lle dedicaron oscila entre o 49,9% de Viveiro e Rianxo e o 66,9% de Tui. Na seguinte táboa figuran outros tres municipios que superan o 60% de gasto neste capítulo: San Cibrao das Viñas, Boiro e Valga e outros catro que se sitúan por riba do 50%.

Porcentaxe do gasto en promoción cultural sobre o total de gasto en cultura nos concellos do grupo C de densidade media (2022)

| Concello | Porcentaxe |
|----------------------|------------|
| Tui | 66,9 |
| San Cibrao das Viñas | 66,3 |
| Boiro | 65,7 |
| Valga | 60,6 |
| Ribadavia | 57,9 |
| Padrón | 54,5 |
| Muros | 52,7 |
| Brión | 52,0 |
| Rianxo | 49,9 |
| Viveiro | 49,9 |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

Nos concellos do grupo C cunha densidade baixa, o gasto medio dos dez que máis recursos lle dedicaron a promoción cultural oscila entre o 46,2% de Silleda e o 74,3% de Vimianzo. A maioría dos municipios desta listaxe gastan entre un 60% e un 70% en promoción cultural, mentres que só dous teñen un desembolso inferior ao 50%

Porcentaxe do gasto en promoción cultural sobre o total de gasto en cultura nos concellos do grupo C de densidade baixa (2022)

| Concello | Porcentaxe |
|-------------------------------|------------|
| Vimianzo | 74,3 |
| Cedeira | 69,0 |
| Vedra | 65,9 |
| As Pontes de García Rodríguez | 62,4 |
| Foz | 62,0 |
| Negreira | 61,5 |
| Arzúa | 59,6 |
| Outes | 54,1 |
| A Cañiza | 49,1 |
| Silleda | 46,2 |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

Os datos de gasto en promoción cultural dos concellos do grupo D cunha densidade alta seguen o mesmo patrón que o das dúas categorías anteriores. Nos dez que máis recursos lle dedicaron obsérvanse porcentaxes de gasto liquidado en promoción cultural sobre o total de cultura que van do 62,9% de Cervo ata o 100% de Coles, Paderne, Pontedevea, San Amaro e Vilar de Santos.

Porcentaxe do gasto en promoción cultural sobre o total de gasto en cultura nos concellos do grupo D de densidade alta (2022)

| Concello | Porcentaxe |
|-----------------|------------|
| Coles | 100,0 |
| Paderne | 100,0 |
| Pontedevea | 100,0 |
| San Amaro | 100,0 |
| Vilar de Santos | 100,0 |
| Laxe | 94,6 |
| Carnota | 88,4 |
| Cabanas | 76,7 |
| Fisterra | 75,3 |
| Cervo | 62,9 |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

Nos concellos do grupo D cunha densidade media o volume de gasto oscila entre o 74,6% de Xunqueira de Espadanedo e o 100% de Dumbría, A Peroxa, Quintela de Leirado e Trasmiras. Outros dous concellos achéganse ao 100%: Piñor (97%) e Ramirás (95,7%).

Porcentaxe do gasto en promoción cultural sobre o total de gasto en cultura nos concellos do grupo D de densidade media (2022)

| Concello | Porcentaxe |
|--------------------------|------------|
| Dumbría | 100,0 |
| A Peroxa | 100,0 |
| Quintela de Leirado | 100,0 |
| Trasmiras | 100,0 |
| Piñor | 97,0 |
| Ramirás | 95,7 |
| Boimorto | 89,7 |
| Vilamartín de Valdeorras | 87,8 |
| A Baña | 85,4 |
| Xunqueira de Espadanedo | 74,6 |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

Nos concellos do grupo D cunha densidade baixa obsérvase que os que máis recursos lle dedicaron a esta partida gastan unha media dun 80% sobre o total en cultura. De feito, A Mezquita e Ribeira de Piquín declararon que investiran a totalidade do seu orzamento de cultura neste capítulo.

Porcentaxe do gasto en promoción cultural sobre o total de gasto en cultura nos concellos do grupo D de densidade baixa (2022)

| Concello | Porcentaxe |
|-------------------|------------|
| A Mezquita | 100,0 |
| Ribeira de Piquín | 100,0 |
| O Irixo | 93,6 |
| Beariz | 92,8 |
| Friol | 78,8 |
| Dozón | 77,9 |
| A Veiga | 70,9 |
| Manzaneda | 70,8 |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

3.2.5 Protección e xestión do patrimonio histórico-artístico (336)

No que se refire ao gasto desta partida, as porcentaxes que se atopan son todas inferiores ao 10% nos concellos máis grandes en termos de poboación. Santiago de Compostela encabeza a listaxe de investimento neste capítulo, cun 9,5%. En segundo lugar atópase Vigo, cun 6,4% de investimento e nos últimos postos atópanse Lugo (2,8%) e A Coruña (1,8%).

Porcentaxe do gasto en protección e xestión do patrimonio histórico-artístico sobre o total de gasto en cultura nos concellos do grupo A (2022)

| Concello | Porcentaxe |
|------------------------|------------|
| Santiago de Compostela | 9,5 |
| Vigo | 6,4 |
| Ferrol | 5,8 |
| Pontevedra | 3,1 |
| Lugo | 2,8 |
| A Coruña | 1,8 |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

Nos concellos do grupo B atópanse porcentaxes que van dende o 0,1% de Pontearreas ata o 13,4% de Lalín, que é o único municipio que rexistra unha porcentaxe superior ao 10% de gasto neste capítulo. Os restantes que aparecen nesta listaxe non superan o 5% de investimento.

Porcentaxe do gasto en protección e xestión do patrimonio histórico-artístico sobre o total de gasto en cultura nos concellos do grupo B (2022)

| Concello | Porcentaxe |
|----------------------|------------|
| Lalín | 13,4 |
| Marín | 3,3 |
| Ribeira | 3,0 |
| Cangas | 2,5 |
| Vilagarcía de Arousa | 0,9 |
| Ames | 0,2 |
| Ponteareas | 0,1 |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

Entre os concellos do grupo C cunha densidade alta que máis recursos lle dedicaron á protección e xestión do patrimonio histórico-artístico atópase Moaña (2,9%) e Betanzos (44,5%). Os tres que ocupan os primeiros postos superan o 20%. Logo sitúanse A Guarda (29,7%) e Nigrán (23,9%). Pechan a táboa catro concellos cun gasto inferior ao 10%: Noia (6%), Sanxenxo (4,6%), Poio (4%) e Moaña (2,9%).

Porcentaxe do gasto en protección e xestión do patrimonio histórico-artístico sobre o total de gasto en cultura nos concellos do grupo C de densidade alta (2022)

| Concello | Porcentaxe |
|----------|------------|
| Betanzos | 44,5 |
| A Guarda | 29,7 |
| Nigrán | 23,9 |
| Bueu | 16,9 |
| Ares | 15,2 |
| Mos | 13,9 |
| Noia | 6,0 |
| Sanxenxo | 4,6 |
| Poio | 4,0 |
| Moaña | 2,9 |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

No caso dos concellos do grupo C cunha densidade media, a porcentaxe de gasto en protección e xestión do patrimonio histórico oscila entre o 1,3% de Viveiro e o 16,7% de Tui, dentro dos dez que máis recursos lle dedicaron.

Porcentaxe do gasto en protección e xestión do patrimonio histórico-artístico sobre o total de gasto en cultura nos concellos do grupo C de densidade media (2022)

| Concello | Porcentaxe |
|--------------------|------------|
| Tui | 16,7 |
| Boiro | 14,1 |
| Tomiño | 7,1 |
| Salceda de Caselas | 6,4 |
| Ribadavia | 3,7 |
| Salvaterra de Miño | 3,1 |
| Caldas de Reis | 2,8 |
| Muros | 2,1 |
| O Rosal | 1,8 |
| Viveiro | 1,3 |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

Os dez concellos do grupo C cunha densidade baixa que máis esforzo fixeron nesta partida destinaron entre un 3,4% e un 29,8%. O concello que proporcionalmente dedicou máis recursos a este concepto foi Ortigueira (29,8%), seguido de Celanova (23,8%), ambos os dous por riba do 20%, mentres que Cerdedo-Cotobade (14%) e Allariz (11,3%) superaron o 10% de gasto. Os restantes mencionados nesta listaxe están por debaixo do 10%.

Porcentaxe do gasto en protección e xestión do patrimonio histórico-artístico sobre o total de gasto en cultura nos concellos do grupo C de densidade baixa (2022)

| Concello | Porcentaxe |
|-------------------------------|------------|
| Ortigueira | 29,8 |
| Celanova | 23,8 |
| Cerdedo-Cotobade | 14,0 |
| Allariz | 11,3 |
| Cedeira | 9,5 |
| As Pontes de García Rodríguez | 7,8 |
| Ponte Caldelas | 5,5 |
| Vimianzo | 5,4 |
| Porto do Son | 4,5 |
| Melide | 3,4 |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

No que se refire aos concellos do grupo D de densidade alta, os que máis dedicaron á protección e xestión do patrimonio histórico-artístico van do 1,5% de Moraña ata o 40,6% de Corcubión. O segundo concello que máis

investiu neste concepto foi Barro (36,6%), mentres que as localidades restantes rexistran porcentaxes inferiores ao 10%.

Porcentaxe do gasto en protección e xestión do patrimonio histórico-artístico sobre o total de gasto en cultura nos concellos do grupo D de densidade alta (2022)

| Concello | Porcentaxe |
|--------------------|------------|
| Corcubión | 40,6 |
| Barro | 36,6 |
| Cuntis | 14,7 |
| Mondariz-Balneario | 10,7 |
| Arbo | 6,0 |
| Dodro | 5,1 |
| Pazos de Borbén | 5,0 |
| Mondariz | 2,0 |
| Rábade | 1,9 |
| Moraña | 1,5 |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

No caso dos concellos do grupo D cunha densidade media que máis recursos destinaron a este concepto, as porcentaxes de gasto oscilan entre o 9,6% de Vilamartín de Valdeorras e o 53,8% de Boborás.

Porcentaxe do gasto en protección e xestión do patrimonio histórico-artístico sobre o total de gasto en cultura os concellos do grupo D de densidade media (2022)

| Concello | Porcentaxe |
|--------------------------|------------|
| Boborás | 53,8 |
| Monterrei | 41,9 |
| Larouco | 40,8 |
| Fornelos de Montes | 39,9 |
| Cospeito | 20,2 |
| Zas | 15,4 |
| Sandiás | 13,0 |
| Begonte | 11,8 |
| Mazaricos | 10,2 |
| Vilamartín de Valdeorras | 9,6 |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

Por último, nos concellos do grupo D cunha densidade baixa obsérvase que hai algúns como Friol que investiron un 4,8% do total en cultura en patrimonio artístico, mentres que outros como Carballeda de Valdeorras chegaron ao 61,1%.

Porcentaxe do gasto en protección e xestión do patrimonio histórico-artístico sobre o total de gasto en cultura nos concellos do grupo D de densidade baixa (2022)

| Concello | Porcentaxe |
|--------------------------|------------|
| Carballeda de Valdeorras | 61,1 |
| Parada de Sil | 14,6 |
| Muíños | 13,2 |
| Xermade | 13,1 |
| Pantón | 9,2 |
| Covelo | 7,9 |
| Friol | 4,8 |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

3.2.6 Instalacións de ocupación do tempo libre (337)

No caso dos concellos do grupo A, o que máis gasta neste capítulo proporcionalmente con respecto ao gasto total en cultura é Vigo (15,6%), seguido de Lugo (6,9%). Outras dúas cidades roldan o 4% de gasto: Pontevedra (4,4%) e Ourense (4,3%).

Porcentaxe do gasto en instalacións de ocupación do tempo libre sobre o total de gasto en cultura nos concellos do grupo A (2022)

| Concello | Porcentaxe |
|------------|------------|
| Vigo | 15,6 |
| Lugo | 6,9 |
| Pontevedra | 4,4 |
| Ourense | 4,3 |
| A Coruña | 2,3 |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

Nos concellos do grupo B, a porcentaxe de investimento en instalacións de tempo libre sobre o total de gasto en cultura oscila entre o 1,5% da Estrada e o 17,9% de Cambre. O segundo concello con maior desembolso neste concepto é Oleiros (11,4%) e a partir de aí os demais non superan o 10% do gasto nestas instalacións.

Porcentaxe do gasto en instalacións de ocupación do tempo libre sobre o total de gasto en cultura nos concellos do grupo B (2022)

| Concello | Porcentaxe |
|----------|------------|
| Cambre | 17,9 |
| Oleiros | 11,4 |
| Carballo | 8,1 |
| Ribeira | 6,5 |



| | |
|------------|-----|
| Lalín | 6,1 |
| Ponteareas | 3,9 |
| Narón | 2,1 |
| A Estrada | 1,5 |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

No caso dos concellos do grupo C cunha densidade alta, as porcentaxes de gasto neste concepto por parte dos que máis invisten van do 0,7% de Cambados ao 40,2% de Barbadás. Son cinco os municipios que superan o 10% de gasto en instalacións de lecer. Ademais de Barbadás, que ocupa o primeiro posto, están: Moaña (21,8%), Noia (14,8%), Fene (12,8%) e Burela (11,3%).

Porcentaxe do gasto en instalacións de ocupación do tempo libre sobre o total de gasto en cultura nos concellos do grupo C de densidade alta (2022)

| Concello | Porcentaxe |
|--------------------|------------|
| Barbadás | 40,2 |
| Moaña | 21,8 |
| Noia | 14,8 |
| Fene | 12,8 |
| Burela | 11,3 |
| Sada | 8,0 |
| O Porriño | 4,8 |
| Bueu | 4,2 |
| Vilanova de Arousa | 2,0 |
| Cambados | 0,7 |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

Nos concellos do grupo C cunha densidade media, as porcentaxes de gasto en instalacións de ocupación do tempo libre sobre o total varía entre o 6,7% de Tomiño e o 47,2% de Miño, seguido de Oroso (25,4%), O Pereiro de Aguiar (24,7%) e Salvaterra de Miño (23,2%) que superan o 20%.

Porcentaxe do gasto en instalacións de ocupación do tempo libre sobre o total de gasto en cultura nos concellos do grupo C de densidade media (2022)

| Concello | Porcentaxe |
|---------------------|------------|
| Miño | 47,2 |
| Oroso | 25,4 |
| O Pereiro de Aguiar | 24,7 |
| Salvaterra de Miño | 23,2 |
| O Rosal | 19,1 |
| Teo | 10,8 |



| | |
|----------------|------|
| Carral | 10,1 |
| Rianxo | 10,0 |
| Caldas de Reis | 9,9 |
| Tomíño | 6,7 |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

Nos concellos do grupo C cunha densidade baixa, a porcentaxe de gasto dos que máis recursos investiron neste capítulo van do 5,5% de Coristanco ao 56,2% de Abegondo. En segundo lugar está Meis (25,8%), seguido de Cerceda (19,8%) e Ribadeo (19,2%). Porto do Son (8,8%), Vimianzo (6,8%) e Coristanco (5,5%) pechan a táboa.

Porcentaxe do gasto en instalacións de ocupación do tempo libre sobre o total de gasto en cultura nos concellos do grupo C de densidade baixa (2022)

| Concello | Porcentaxe |
|----------------|------------|
| Abegondo | 56,2 |
| Meis | 25,8 |
| Cerceda | 19,8 |
| Ribadeo | 19,2 |
| Allariz | 16,1 |
| Outeiro de Rei | 16,0 |
| Castro de Rei | 12,9 |
| Porto do Son | 8,8 |
| Vimianzo | 6,8 |
| Coristanco | 5,5 |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

Nos concellos do grupo D cunha densidade alta, as porcentaxes de gasto en instalacións de ocupación do tempo libre sobre o total en cultura das entidades locais que figuran na listaxe oscilan entre o 0,3% de Cortegada e o 88% de Mondariz-Balneario. O segundo posto ocúpao Amoeiro, cun desembolso dun 54,7%

Porcentaxe do gasto en instalacións de ocupación do tempo libre sobre o total de gasto en cultura nos concellos do grupo D de densidade alta (2022)

| Concello | Porcentaxe |
|--------------------|------------|
| Mondariz-Balneario | 88,0 |
| Amoeiro | 54,7 |
| A Illa de Arousa | 40,9 |
| Taboadela | 39,7 |



| | |
|-----------|------|
| Arbo | 23,0 |
| Toén | 20,9 |
| Barro | 18,3 |
| Cenlle | 10,2 |
| Cervo | 9,3 |
| Cortegada | 0,3 |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

Nos concellos do grupo D cunha densidade media, os que dedicaron maior porcentaxe de gasto a instalacións de lecer van do 22,3% de Lousame ao 95,5% de Larouco. Salvo neste último caso, os outros que aparecen na listaxe contan con porcentaxes inferiores ao 50%. Así, o concello que ocupa o segundo lugar é Oia (48,1%) seguido de Forcarei (47,2%).

Porcentaxe do gasto en instalacións de ocupación do tempo libre sobre o total de gasto en cultura nos concellos do grupo D de densidade media (2022)

| Concello | Porcentaxe |
|---------------------|------------|
| Larouco | 95,5 |
| Oia | 48,1 |
| Forcarei | 47,2 |
| Castrelo de Miño | 41,0 |
| Vilamarín | 32,0 |
| Láncara | 28,6 |
| Xove | 27,4 |
| O Vicedo | 26,6 |
| San Cristovo de Cea | 25,0 |
| Lousame | 22,3 |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

Por último, nos concellos do grupo D cunha densidade baixa, a lista dos que máis recursos lle dedicaron amosa porcentaxes que van dende o 45% de Lobios ata o 100% de Castrelo de Val e Pedrafita do Cebreiro.



Porcentaxe do gasto en instalacións de ocupación do tempo libre sobre o total de gasto en cultura nos concellos do grupo D de densidade baixa (2022)

| Concello | Porcentaxe |
|-----------------------|------------|
| Castrelo do Val | 100,0 |
| Pedrafita do Cebreiro | 100,0 |
| Folgozo do Courel | 84,3 |
| Muíños | 63,5 |
| Ourol | 61,7 |
| Sarreaus | 59,2 |
| Baleira | 49,2 |
| Lobios | 45,0 |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

3.2.7 Festas populares e festexos (338)

Nesta partida os concellos do grupo A gastan entre un 10,2% e un 36,7%. O que destina unha porcentaxe de gasto máis elevada en festas é Vigo (36,7%), seguido de Lugo (29,5%) e Pontevedra (28,7%). Por debaixo do 20% están Ferrol (17,3%), Santiago de Compostela (16,3%), Ourense (13,3%) e A Coruña (10,2%).

Porcentaxe do gasto en festas populares e festexos sobre o total de gasto en cultura nos concellos do grupo A (2022)

| Concello | Porcentaxe |
|------------------------|------------|
| Vigo | 36,7 |
| Lugo | 29,5 |
| Pontevedra | 28,7 |
| Ferrol | 17,3 |
| Santiago de Compostela | 16,3 |
| Ourense | 13,3 |
| A Coruña | 10,2 |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

Os concellos do grupo B que declararon gastos nesta partida investiron entre un 0,5% e un 58,9%. O que máis gastou en festas populares e festexos o total en cultura foi Marín (58,9%), seguido de Arteixo (39,1%) e Culleredo (36,2%). No extremo oposto está Oleiros, que investiu un 0,5% nestes eventos, e Ames un 1,3%.



Porcentaxe do gasto en festas populares e festexos sobre o total de gasto en cultura nos concellos do grupo B (2022)

| Concellos | Porcentaxe |
|----------------------|------------|
| Marín | 58,9 |
| Arteixo | 39,1 |
| Culleredo | 36,2 |
| Lalín | 32,6 |
| Ponteareas | 32,0 |
| A Estrada | 21,5 |
| Vilagarcía de Arousa | 19,0 |
| Ribeira | 17,8 |
| Carballo | 9,8 |
| Cangas | 9,7 |
| Narón | 7,3 |
| Cambre | 2,3 |
| Ames | 1,3 |
| Oleiros | 0,5 |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

Nos concellos do grupo C cunha densidade alta, o gasto en festas populares e festexos sobre o total de cultura dentro dos dez municipios que máis gastaron varía entre o 27,9% de Soutomaíor e o 73,1% de Cambados. Outros dous superan a metade do orzamento de cultura: Poio (55%) e Mugardos (53,8%), pero a maioría desembolsaron ao redor do 30% neste capítulo: A Pobra do Caramiñal (38,2%), Sada (36%), O Porriño (35,1%), Baiona (34,2%) e Nigrán (32,8%).

Porcentaxe do gasto en festas populares e festexos sobre o total de gasto en cultura nos concellos do grupo C de densidade alta (2022)

| Concello | Porcentaxe |
|----------------------|------------|
| Cambados | 73,1 |
| Poio | 55,0 |
| Mugardos | 53,8 |
| Sanxenxo | 43,3 |
| A Pobra do Caramiñal | 38,2 |
| Sada | 36,0 |
| O Porriño | 35,1 |
| Baiona | 34,2 |
| Nigrán | 32,8 |
| Soutomaíor | 27,9 |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

Nos concellos do grupo C cunha densidade media as porcentaxes de gasto en festas populares redúcese algo con respecto ás dúas categorías anteriormente mencionadas. Así observase que se moven entre o 24,7% de Salceda de Caselas e o 41,4% de Oroso.

Porcentaxe do gasto en festas populares e festexos sobre o total de gasto nos concellos do grupo C de densidade media (2022)

| Concello | Porcentaxe |
|-----------------------|------------|
| Oroso | 41,4 |
| Padrón | 40,1 |
| Caldas de Reis | 39,1 |
| O Rosal | 37,5 |
| O Barco de Valdeorras | 32,0 |
| Neda | 29,2 |
| Ribadavia | 28,6 |
| Viveiro | 26,6 |
| Brión | 25,1 |
| Salceda de Caselas | 24,7 |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

Nos concellos do grupo C cunha densidade baixa as porcentaxes de gasto en festas oscila entre o 36% de Coristanco e o 65,2% de Muxía. Outros dous concellos superan o 50%: Vilalba (64,2%) e Ortigueira (52,1%).

Porcentaxe do gasto en festas populares e festexos sobre o total de gasto en cultura nos concellos do grupo C de densidade baixa (2022)

| Entidade | Porcentaxe |
|-------------------------------|------------|
| Muxía | 65,2 |
| Vilalba | 64,2 |
| Ortigueira | 52,1 |
| Monforte de Lemos | 47,0 |
| Ponte Caldelas | 45,4 |
| Melide | 43,6 |
| Chantada | 41,5 |
| Sarria | 38,4 |
| As Pontes de García Rodríguez | 38,3 |
| Coristanco | 36,0 |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

Entre os concellos do grupo D con densidade alta as porcentaxes de gasto en festas populares van do 41,2% de Cariño ao 100% de Punxín.



Porcentaxe do gasto en festas populares e festexos sobre o total de gasto en cultura nos concellos do grupo D de densidade alta (2022)

| Concello | Porcentaxe |
|--------------|------------|
| Punxín | 100,0 |
| Maside | 71,8 |
| Taboadela | 58,7 |
| Moraña | 58,5 |
| Rábade | 55,7 |
| Vilarmaior | 55,3 |
| Leiro | 53,9 |
| Portas | 44,4 |
| Pontecesures | 44,3 |
| Cariño | 41,2 |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

Nos concellos do grupo D cunha densidade media, as porcentaxes de gasto en festas daqueles que máis gastan non son inferiores en ningún caso ao 50%. Así, van dende o 50,2% de Taboada ata o 100% de Paderne de Allariz. O gasto en festexos da maioría destes municipios móvese entre o 50% e o 60%.

Porcentaxe do gasto en festas populares e festexos sobre o total de gasto en cultura nos concellos do grupo D de densidade media (2022)

| Concello | Porcentaxe |
|--------------------|------------|
| Paderne de Allariz | 100,0 |
| Petín | 96,8 |
| Fornelos de Montes | 62,7 |
| Oímbra | 59,1 |
| Val do Dubra | 58,4 |
| Monterrei | 58,1 |
| Padrenda | 57,9 |
| Gomesende | 53,6 |
| Mazaricos | 50,9 |
| Taboada | 50,2 |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

Por último, nos concellos do grupo D con densidade baixa as porcentaxes de gasto neste programa oscilan entre o 70,9% de Laza e o 100% de Cuale-dro, Negueira de Muñiz e Vilardevós. En torno ao 90% están A Teixeira (98,5%), Pol (92%) e Montederramo (90,1%).



Porcentaxe do gasto en festas populares e festexos sobre o total de gasto en cultura nos concellos do grupo D densidade baixa (2022)

| Concello | Porcentaxe |
|-------------------|------------|
| Cualedro | 100,0 |
| Negueira de Muñiz | 100,0 |
| Vilardevós | 100,0 |
| A Teixeira | 98,5 |
| Pol | 92,0 |
| Montederramo | 90,1 |
| O Incio | 74,0 |
| Portomarín | 72,6 |
| Laza | 70,9 |

Fonte: Ministerio de Hacienda. Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (SGFAL): Liquidación do gasto en cultura da administración local

Conclusións

O obxectivo principal do presente informe é presentar os datos relativos ás liquidacións orzamentarias en gasto cultural por parte das deputacións e concellos galegos. A análise do cumprimento efectivo das partidas aprobadas nos orzamentos iniciais, que é o que reflicten as liquidacións, é fundamental para proceder a unha correcta avaliación da xestión pública. Neste sentido, a transparencia na liquidación orzamentaria, así como a rendición de contas ante a cidadanía, son elementos esenciais de cara a garantir unha administración responsable e eficiente. Unha cidadanía informada e coñecedora do destino final dos fondos públicos actúa como vixía democrática, á vez que lexítima o exercicio mesmo da función pública.

Os resultados detallados nestas páxinas amosan grandes disparidades na intensidade do gasto cultural efectuado polas diversas administracións examinadas, de ámbito tanto provincial como local. Polo tanto, un achado transversal destacable é que o gasto en cultura varía substancialmente dunhas administración a outras, polo que os servizos culturais que recibe a cidadanía son netamente diferentes segundo o lugar onde residen.

No relativo á actuación neste eido por parte das deputacións provinciais destaca, en primeiro lugar, a estabilidade amosada na proporción do gasto cultural sobre o total e o seu moderado incremento en termos per cápita. O maior gasto per cápita efectuado polas deputacións de Lugo e Ourense explícase porque contan cun maior volume de recursos en relación coa súa poboación, o cal, á súa vez, permite atenuar as diferenzas

.....

existentes en renda per cápita con respecto ás provincias de Pontevedra e A Coruña.

En referencia ás diferentes partidas orzamentarias relativas á clasificación funcional do gasto en cultura, é preciso destacar que a partida correspondente á promoción cultural constitúe o principal destino do gasto acometido polas deputacións de Ourense e A Coruña. As deputacións de Lugo e Pontevedra asignan cerca da metade do seus recursos para cultura a museos e equipamentos. O orzamento asignado ás instalacións de tempo libre, a festas e, en menor medida, ás partidas correspondentes a administración xeral de cultura, teñen un peso claramente reducido nas catro deputacións. Finalmente, resulta significativo que existan partidas orzamentarias nas cales algunhas deputacións declaran que non dedican ningún recurso económico na totalidade do período examinado.

No relativo aos concellos urbanos, os que máis recursos investiron en actividades culturais, tanto en termos per cápita como en proporción sobre o seu gasto total, foron Santiago de Compostela e A Coruña. Ademais, é preciso destacar a tendencia ascendente en ambos casos, a cal, aínda que en niveis absolutos máis baixos, é extensible ás cidades de Ferrol, Lugo e Vigo. As diferenzas dunhas a outras tanto en esforzo orzamentario como en gasto por habitante son moi notables, o cal reflicte necesariamente prioridades moi diferentes en materia de cultura.

Pese a que os concellos urbanos son os que dispoñen dunha maior capacidade de gasto absoluto, tanto polo volume de poboación ao que deben atender como pola posibilidade de manexar grandes partidas orzamentarias, cando se analizan os indicadores relativos obsérvanse dinámicas diferentes.

Nos concellos non urbanos máis grandes (20.000 a 49.999 habitantes) o esforzo e o gasto por habitante en cultura adoita situarse nuns rangos en moitos casos superiores aos dalgunhas das cidades galegas.

Nos concellos medianos (5.000 a 19.999 habitantes) a heteroxeneidade é maior: en contextos de densidade de poboación media ou alta aparecen cifras equiparables aos concellos urbanos, pero en densidades baixas se rexistran casos de dotacións para cultura extraordinarias.



Nos concellos pequenos (menos de 5.000 habitantes), tanto en áreas mais densas como dispersas, obsérvanse os valores máis extremos en territorios de moi baixa densidade, onde se chega a multiplicar o gasto por habitante das cidades que rexistran as ratios maiores.

Pese a que nos concellos de menos de 20.000 habitantes a análise restrínxese unicamente a aqueles que presentan os valores máis elevados en cada caso (arredor dunha decena por tramo), en síntese, os datos mostran que a intensidade do esforzo cultural non está marcada polo tamaño demográfico nin pola densidade de poboación, senón polo grao de prioridade política e simbólica que cada concello lle concede a este ámbito. Iso explica que municipios medianos e pequenos, independentemente da súa estrutura poboacional, poidan alcanzar niveis de investimento cultural comparables ou mesmo superiores aos das cidades.

No relativo á descomposición do gasto en actividades culturais en función da clasificación funcional deste, é preciso destacar a elevada variabilidade na asignación do gasto total en cultura nas diferentes partidas relativas á clasificación funcional dos gastos. Máis alá das diferentes preferencias de gasto que cada entidade municipal pode lexitimamente manter, o feito de que, por unha banda, numerosos concellos non declaren que realizaron ningún gasto nalgunha das partidas e, por outro, que tamén numerosos concellos revelasen que asignaran a totalidade do seu gasto cultural a unha única partida funcional, inevitablemente xera desconfianza con respecto ao tratamento das liquidacións orzamentarias. Neste sentido, é preciso insistir en que o correcto rexistro e codificación dos gastos realizados por cada entidade é un elemento chave do correcto funcionamento das entidades municipais.

En definitiva, o estudo das liquidacións orzamentarias en materia cultural non só permite avaliar o grao de compromiso real das administracións galegas co sector, senón que tamén serve como ferramenta para mellorar a planificación e execución futura, así como para fortalecer a confianza nas institucións por parte da cidadanía. A cultura, como dereito colectivo e motor de desenvolvemento territorial, merece e require unha xestión transparente e eficiente. Este informe pretende contribuír a ese obxectivo, subliñando a necesidade de seguir avanzando nunha administración pública aberta, transparente e orientada cara ao ben común.